UNIÓN EUROPEA

Xunta de Galicia

CIM Santiago

CONCELLO DE SANTIAGO

MEMORIA

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.
ANO 2020.

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
Titularidade	MUNICIPAL	Dependencia	Concellaría de Políticas de Igualdade		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4		C.P.	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	Provincia	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542467	Fax	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Asesora Xurídica **Persoal Laboral Interina**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2020.	Directora	NON
Psicóloga **Persoal Laboral Interina**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2020.	Directora	NON

Outro persoal do CIM	Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual
• DIRECTORA (Licenciada en Dereito. Funcionaria de Carreira). • TRABALLADORA SOCIAL (Axente de Igualdade. Persoal Laboral Fixo). • ADMINISTRATIVA (Persoal Laboral Fixo).	**Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude de subvención ao abeiro da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero. D.O.G Nº21 do Venres, 31 de xaneiro de 2020.**

Orzamentos		
Custo anual (€)	Financiamento propio (€)	Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)
Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude de subvención ao abeiro da RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero. D.O.G Nº21 do Venres, 31 de xaneiro de 2020.		Para o programa CIM o Concello de Santiago de Compostela non recibe máis axuda que a proporcionada a través da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade da Xunta de Galicia..

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO. "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: ARTELLANDO FEMINISMO".**
Lugar e datas de realización	FEBREIRO, MARZO, MAIO, XUÑO E SETEMBRO DE 2020.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÏA EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

Dende o Concello de Santiago de Compostela existe unha profunda interese por promover un modelo de relacións sociais positivo, que empuxe á sociedade a unha convivencia baseada no respecto e na igualdade. A prevención da Violencia de Xénero así como a promoción da Igualdade, son cuestións de índole transversal que deberían ser abordadas en calquera dos ámbitos. Por iso valorouse a necesidade de organizar unha campaña composta por diferentes accións co obxectivo de crear un espazo no que persoas de distintos colectivos con especial preocupación pola igualdade entre homes e mulleres puideran compartir, expoñer e reflexionar sobre esta problemática e acadar novas formas de pensamento.

ARTELLANDO FEMINISMO nace como un conxunto de accións encamiñadas a animar a sociedade compostelá a implicarse de xeito activo na transformación social, fomentando a toma de conciencia na igualdade de dereitos e de oportunidades; recoñecendo a contribución da muller ao desenvolvemento social, económico e cultural; dando visibilidade ás desigualdades aínda existentes, promovendo a reflexión e os espazos de creación conxunta e facilitando ferramentas prácticas para desenvolver recursos a favor da igualdade real entre mulleres e homes.

As xornadas, como espazo de intercambio e aprendizaxe, estiveron dirixidas a todas as persoas interesadas en acadar unha cidadanía responsable dende a participación activa; contribuíndo de forma individual para unha construción colectiva, porque cada persoa artella feminismo, artella igualdade.

Inicialmente concertos, poesía, conferencias, cine e conversas centraban as accións

encamiñadas a reivindicar e festexar o Día Internacional das Mulleres, pero sobre todo a concienciar contra a violencia machista dende as idades máis temperás. Todas as actividades programadas podían consultarse na web artellandofeminismo.gal. Ademais, dende o Concello animouse á cidadanía a "sumarse aos numerosos actos e reivindicacións que habería ao longo dos meses de marzo e abril. Pero o decreto de Estado de Alarma por mor do Covid 19 fixo que se suspenderan tódolos actos a partir do 9 de marzo e se retomaran a partir do mes de maio mudando todo o seu formato.

A concelleira de Igualdade, Noa Díaz, presentou o 27 de febreiro de 2020 en rolda de prensa o programa deseñado dende o Departamento de Igualdade para o 8 de marzo, que levaba o lema "Artellando feminismo" tendo en consideración que só dende o feminismo podemos conseguir a igualdade. Con xa trece mulleres vítimas da violencia machista no que ía de ano, a concelleira asegurou que "segue facendo falla celebrar días da muller porque nos están matando precisamente por ser mulleres" e reclamou "máis recursos públicos dende todas as institucións e máis esforzo á sociedade porque todos e todas estamos fracasando no propósito de loitar contra a violencia machista".

As primeiras accións tiveron lugar o 28 de febreiro, 3 e 5 de marzo nos IES Antón Fraguas, Eduardo Pondal e Xelmirez I respectivamente cunha actividade de concienciación, dirixida ao alumnado, contra a violencia de xénero nas súas diversas manifestacións. No acto proxectouse unha peza da cineasta Jaione Camborda, centrada no control e nas redes sociais.

Xa na primeira semana de marzo, o xoves 5, a Casa das Mulleres Xohana Torres acolleu unha mesa redonda sobre o "Acceso das mulleres á vida pública", moderada pola propia concelleira, coa participación de Cristina López, Clara Cordeiro e Antía Yáñez, tres mulleres vencelladas ao mundo do deporte, da cultura e da literatura, respectivamente.

A cantora e activista militante feminista Bia Ferreira chegada dende o Brasil dou un concerto na Sala Riquela o venres día 6. A entrada foi libre até completar aforo.

O luns 9 fíxose público o fallo do Premio Xohana Torres da edición de 2019 no Salón

Vermello da Casa do Concello. Este ano resultou gañador na súa modalidade de creación audiovisual Santiago Teijelo Vázquez, polo seu traballo "Filucha de Taramancos".

O programa definitivo a partires do día 9 de marzo de 2020 foi o seguinte:

Mércores 20 de maio.

19:00-20:30h. Online.

MICROMACHISMOS E NOVAS MASCULINIDADES: O FEMINISMO QUE (DE) CONSTRÚE. Jorge Marín.

Nesta xornada, pretendeuse crear un espazo de reflexión onde xerar conciencia sobre a presenza de micromachismos na vida cotiá das persoas e sobre a existencia das novas masculinidades, fomentando a autocrítica para producir un cambio.

A través do diálogo e o debate, fíxose especial fincapé na necesidade de construír novos patróns de xénero que renuncien á cultura do privilexio que o sistema patriarcal perpetuou durante moitas décadas e que aposten pola igualdade real entre homes e mulleres; promovendo entre as persoas asistentes un exercicio de auto conciencia crítica e activa.

Mércores 27 de maio.

19:00-20:30h. Online.

COEDUCACIÓN NA INFANCIA PARA PAIS E NAIS DE NENOS E NENAS DE 6 A 11 ANOS. Aixa Permuy.

Nesta xornada, destinada a persoas con fillos e fillas de entre 6 e 11 anos, expuxéronse diferentes actividades e xogos a través dos cales se pretendía traballar a construción e deconstrución de estereotipos de xénero, tendo en conta as novas masculinidades e fomentando así a participación dos mais pequenos e pequenas nas actividades para a promoción da igualdade, xerando conciencia dende a infancia.

Xoves 28 de maio.

19:00-20:30h. Online.

COEDUCACIÓN NA INFANCIA PARA PAIS E NAIS DE NENOS E NENAS DE 12 A 17 ANOS. Aixa Permuy.

Nesta xornada, destinada a persoas con fillos e fillas de entre 12 e 17 anos, expuxéronse diferentes actividades e xogos a través dos cales se pretendía traballar a construción e

deconstrución de estereotipos de xénero, tendo en conta as novas masculinidades e fomentando así a participación da mocidade nas actividades para a promoción da igualdade, xerando conciencia dende idades temperás.

Xoves 04 de xuño.

19:00-20:30h. Online.

(DES)APRENDENDO A CONSTRUÍR ESTEREOTIPOS DE XÉNERO. Ana Torres Jack

Nesta xornada reflexionouse sobre situacións, tan establecidas na sociedade, que ás veces é difícil decatarse de que agochan mensaxes con prexuízos de xénero, que deixan ver as rutinas de desigualdade instaladas dende hai moito tempo.

Neste espazo de aprendizaxe e intercambio, falouse sobre como previr a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a infancia, a través de diferentes recursos e estratexias concretas para previr a construción errónea de estereotipos e roles de xénero, tentando evitar que as novas xeracións perpetúen os comportamentos sexistas que tanto tempo levan ancorados na sociedade.

Xoves 11 de xuño.

19:00-20:30h. Online.

OS MALESTARES DE XÉNERO E AS CONSECUENCIAS NA SAÚDE DAS MULLERES.

Soledad Muruaga.

Nesta xornada reflexionouse sobre como as mulleres, a miúdo, sofren as consecuencias de ser socializadas baixo unha educación de xénero baseada na repartición desigual do poder. Desde o non coñecernos adecuadamente ou non ter un desenvolvemento sa do eu individual, ata ter un escaso desenvolvemento da autonomía, que supedítase aos afectos, unha escasa confianza e seguridade persoal, ou o continuo descoñecemento e non satisfacción das necesidades e dereitos individuais.

Analizar esta realidade e propoñer alternativas de benestar como a necesidade de romper dependencias non saudables e de empoderarse persoal e colectivamente, abordáronse nesta xornada que tivo como obxectivo xerar conciencia entorno ás claras consecuencias que teñen na saúde das mulleres as cargas asumidas.

Xoves 18 de xuño.

19:00-20:30h. Online.

SEXUALIDADE FEMININA. Martina González Veiga.

Nesta xornada destinada a mulleres de calquera idade, potenciouse a creación dun espazo de auto-coñecemento e reflexión ao redor da sexualidade das mulleres. Procurando sempre un ambiente cómodo e distendido, animando as mulleres asistentes a tomar conciencia da influencia que exercen as nosas propias crenzas sobre sexualidade no pracer erótico. A través de dinámicas e debate recalcouse a importancia de reconquistar a comunicación co noso corpo e potenciar o auto-coidado para favorecer a saúde sexual e reprodutiva dende un punto de vista respectuoso e libre.

Xoves 10 de setembro.

19:30-21:00h. Online.

PROSTITUCIÓN: UNHA OLLADA DESDE DENTRO. Amelia Tiganus.

Facendo un percorrido pola historia e orixe da prostitución, reflexionou sobre os perigos que, sobre todo para os mozos e mozas está a xerar a industria da explotación sexual na actualidade, centrándose tamén na pornografía, que funciona como unha ferramenta de márketing para a prostitución inculcando uns valores erróneos na mocidade. Cunha marcada corrente abolicionista e unha linguaxe clara e directa, ofreceu unha visión única cun discurso que aposta pola educación afectivo-sexual e unhas leis que garantan os dereitos humanos para todas as mulleres.

Xoves 24 de setembro.

19:30-22:00h. Online.

PROXECCIÓN "EL PROXENETA". Mabel Lozano.

Nesta xornada proxectouse "El proxeneta", a longametraxe dirixida por Mabel Lozano, protagonizada e contada en primeira persoa por Miguel, "O Músico", un ex. proxeneta e dono dalgúns dos máis importantes macroburdeis de España, condenado e sentenciado a 27 anos de cárcere, que confesou punto por punto como evolucionou a prostitución en España e no mundo, e como a principios dos anos noventa xurdiu o horrible negocio da trata e empezouse a secuestrar mulleres de "débeda", cuxa única saída era a prostitución.

Tras o visionado da longametraxe, houbo un espazo de coloquio con Mabel Lozano a través do cal pretendeuse fomentar a reflexión e o debate sobre o tema tratado no filme e a situación da trata de mulleres na actualidade.

O Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Políticas de Igualdade colaborou con MUFEST, Festival de Cine feito por Mulleres, organizado pola Asociación Andaina con proxeccións, conferencias e obradoiros que tiña previsto realizarse do 10 ao 14 de marzo e finalmente realizouse 17, 18 e 19 de decembro de 2020.

O MUFEST promove o crecemento cultural e artístico e o impulso das futuras directoras, produtoras e/ou guionistas. Pretende ofrecer unha plataforma na que se dea a coñecer ao grande público o traballo que realizan as mulleres no sector cinematográfico, o cal queda oculto nos grandes circuítos e plataformas, á vez que crear un espazo para o debate a respecto da situación deste sector desde unha perspectiva de xénero.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora:

O éxito de edicións anteriores nos actos conmemorativos do 8M fixo repetir a experiencia cun programa máis ambicioso.

Cumpriuse o obxectivo pretendido pola Concellaría de Políticas de igualdade do Concello de Santiago que consistía na visibilización do labor das mulleres e por de relevo a cada vez maior presenza feminina en prol da cidadanía.

do público asistente:

Aínda que o formato case na súa totalidade tivo que mudar por mor do Covid-19, moi boa acollida por parte da cidadanía participante, medios de comunicación e redes sociais.

Custo global da actividade:	**25.960 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CAMPAÑA: "ROMPE O SILENCIO.TECENDO REDES CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS".**
Lugar e datas de realización	REDES SOCIAIS E MEDIOS DE COMUNICACIÓN. ABRIL E MAIO.
Núm. de horas	180 Horas.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÏA EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou como emerxencia de saúde pública de importancia internacional a expansión do virus COVID-19.

O Consello de Ministros, reunido o 10 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto-Lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública. Posteriormente, o 12 de marzo, o Consello de Ministros adoptou novas medidas extraordinarias e excepcionais para, dun lado, limitar a propagación e o contaxio do virus COVID- 19 e, doutro lado, limitar o impacto económico causado pola enfermidade causada polo virus.

En data 12 de marzo de 2020 o Consello da Xunta de Galicia acordou unha serie de medidas especiais de prevención nos ámbitos da educación, o deporte, as actividades de ocio e as residencias de maiores en relación coa epidemia do virus "COVID- 19". O 13 de marzo o Consello da Xunta declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e adoptou medidas excepcionais de carácter adicional ás anteriormente acordadas.

O 14 de marzo de 2020 o Consello de Ministros aprobou o RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma en España por mor da situación de crise sanitaria motivada pola epidemia provocada polo virus "COVID-19", decretando a restrición de circulación de persoas e outras medidas extraordinarias e excepcionais

destinadas a loitar contra a epidemia que teñen unha incidencia directa sobre a vida das persoas.

As medidas adoptadas a raíz desta situación provocan un especial impacto en determinados colectivos de persoas especialmente vulnerables.

As mulleres vítimas de violencia de xénero son un colectivo especialmente vulnerable en situacións de illamento domiciliario, por verse forzadas a convivir co seu agresor, e así as sitúa nunha situación de maior risco, como se veu demostrando co motivo de situacións parcialmente análogas, como son os períodos vacacionais sen situación de permanencia nos domicilios, períodos nos que se disparan os casos de violencia de xénero.

Diante desta situación, considerouse de extrema necesidade levar a cabo medidas dirixidas en especial á protección e asistencia das vítimas de violencia de xénero e, en particular, de aquelas que poidan encontrarse nunha situación de especial vulnerabilidade, a través dunha CAMPAÑA INSTITUCIONAL DE COMUNICIACIÓN DENOMINADA "ROMPE O SILENCIO. TECENDO REDES CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS".

A través desta Campaña, perseguíronse os seguintes obxectivos:

□Aumentar a concienciación social sobre a problemática das violencias machistas.

□Implicar á cidadanía do municipio nunha resposta colectiva de repulsa das violencias contra as mulleres.

Dita campaña de comunicación estivo deseñada para os meses de abril e maio, coa seguinte distribución de actuacións:

Mes de Abril:

Idea global da campaña :

- Creación de dúas gráficas por semana (6 en total).
- Aplicación para RRSS dunha animación que vertebre o relato da campaña.
- Aplicación para medios dixitais (10 formatos de banners animados).
- Guión para as radios de ámbito local.

Mes de Maio:

Desenvolver unha segunda parte da idea global, mantemento informativo.

- Creación de dúas gráficas por semana (8 en total).
- Aplicación para RRSS dunha animación que vertebre o relato da campaña.
- Plan de redes sociais (Instagram, FB e Twitter) para o mes de maio Aplicación do plan de redes e análises de resultado mensual.
- Aplicación para medios dixitais (10 formatos de banners animado).
- Guión (II) para radios de ámbito local.

Valoración da actividade desenvolvida da entidade organizadora:
Cumpríronse os obxectivos para os cales foi deseñada a campaña, xa que como se argumentou dende o equipo técnico do CIM tratábase dunha situación de extrema necesidade o feito de levar a cabo medidas dirixidas en especial á protección e asistencia das vítimas de violencia de xénero e, en particular, de aquelas que puideran estar nunha situación de especial vulnerabilidade.
do público asistente:
Moi boa acollida por parte da cidadanía, medios de comunicación e redes sociais.

Custo global da actividade:	**16.004 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ORGULLO 2020. COMPOSTELA DIVERSA.**
Lugar e datas de realización	28 DE XUÑO. TEATRO PRINCIPAL DE SANTIAGO. VÍA STREAMING POLA CANLE DE YOUTUBE DO CONCELLO DE SANTIAGO
Núm. de horas	20 Horas.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÏA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

COMPOSTELA DIVERSA naceu para facer de Santiago un referente da diversidade sexual e de xénero en Galicia. A realidade LGTBI necesita de acción globais e inclusivas que axuden a avanzar na consecución dos dereitos, a visibilidade e a normalización da vida de todo o colectivo.

Adaptándonos á situación xerada pola pandemia da COVID19, presentamos un programa de actividades para a conmemoración do Orgullo LGTBI en Compostela, tendo en conta as circunstancias e creando unha xornada para transmitir a través das canles e redes do Concello de Santiago.

COMPOSTELA DIVERSA retoma a súa andaina neste ano 2020 cunha clara vocación de continuidade, e co obxectivo de converter a Santiago de Compostela no referente das accións e políticas en prol do colectivo LGTBI de Galicia.

Xornada do Domingo 28 de Xuño.

Celebrouse un evento o día 28 de xuño no Teatro Principal de Santiago.

A xornada estivo composta de:

➢ Debate faladoiro.

➢ Presentación dunha peza audiovisual.

➢ Programación artística.

O evento fíxose a porta pechada e foi retransmitido VÍA STREAMING pola canle de youtube do Concello de Santiago. https://www.youtube.com/watch?v=jYw0LN_c_tQ.

A emisión tivo máis de 425 visualizacións (dato de 30.06.2020 as 12.00 h).

A condutora de recoñecido prestixio que presentou todo o evento foi: Patricia Vázquez.

Popular actriz de teatro, cine e TV que conta con máis de dúas décadas de experiencia no mundo do teatro profesional, tendo representado con compañías dramáticas como o Centro Dramático Galego, Escola Dramática Galega, Ollomol Tranvía ou Teatro da Lúa. Na TVG participou en programas concurso, magazines e sobre todo é coñecida como actriz en series de ficción (Fariña, Air Galicia, Era visto, Padre Casares...).

➢ DEBATE FALADOIRO:

O obxectivo fundamental foi abrir un espazo de diálogo e encontro. Un espazo aberto e non excluínte para abordar a realidade entre todos e todas.

Moderado por Carmen Fernández Morante, Decana da Facultade de CC da Educación da USC e recoñecida activista LGTBI, proponse un encontro sobre a realidade do colectivo Trans.

• Amizando

Patrick Aleix Dopico – Presidente

Amizando é unha organización LGTBI galega, orientada sobre todo á comunidade Trans

• Arelas – Asociación de familias de menores Trans.

Isabel Noya – Secretaria

Arelas é unha organización sen ánimo de lucro con ámbito xeográfico en Galicia fundada no ano 2015. Entre os seus fins destaca a defensa dos dereitos e intereses das persoas Trans ata que compren 20 anos, en todos os aspectos das súas vidas (educativo, cultural, sanitario, deportivo, administrativo, legal...). Nestes 5 anos levan atendendo e asesorando a máis de 220 familias, e acompañado a 80 menores Trans sen apoio familiar.

• Avante LGBT+

Hélio Marcial Miramontes

Avante LGBT+ é unha organización LGBT+ feminista, anticapitalista e galega. É un colectivo de persoas LGBT+ que se organiza para loitar contra o patriarcado e a heteronorma, creando unha Galiza feminista a prol da liberdade sexual e de xénero. Dentro da súa estrutura conta cunha Asamblea Trans.

➢ PEZA AUDIOVISUAL

Gravación dunha peza audiovisual cunha duración de 1min 30' que amosou dende un punto de vista amable e de proximidade, o compromiso de Santiago coa realidade LGTBI.

1970 - 50 aniversario da primeira celebración da Marcha do orgullo gay en New York.

1990 - 30 aniversario CGC – Colectivo Gay Compostela, primeira organización do colectivo LGTBI en Galicia.

2005 - 15 aniversario Lei matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

Estes 3 fitos son o punto de partida. A través dunha serie de persoas e de imaxes de diferentes espazos representativos da nosa cidade, presentamos a Compostela coma un referente na realidade LGTBI.

Acoller, compartir, acompañar e defender ao colectivo na vida cotián e nas reivindicacións, dende un punto de vista amable, optimista e, por suposto, reivindicativo.

Enlace https://www.youtube.com/watch?v=jKQB-iXg5oU.

A emisión tivo máis de 160 visualizacións (dato de 30.06.2020 as 12.00 h.). O vídeo foi colgado nas redes na noite do día 29.06.2020.

➢ PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA

Intervencións musicais-escénicas de:

Guillerme Fernández.

Artista e músico multidisciplinar que foi membro fundador do grupo Berrogüetto, e parte integrante doutros proxectos paralelos con Xabier Díaz, Espido con Guadi Galego, ou o traballo conxunto aCadaCanto con Guadi Galego, Xabier Díaz e Xosé Lois Romero. Xunto con Xabier Díaz codirixiu o programa Tres peixes voando dende o ano 2006, na Radio Galega. Con Ricardo de Barreiro presentou en 2013 o espectáculo escénico sobre

o desamor e outras mariconadas.

Guadi Galego.

Comezou a súa formación de música dende moi nova. Dende o ano 1997 foi gaiteira, pianista e vocalista no grupo Berrogüetto, co que gravou tres discos até xaneiro de 2008. Tamén formou parte do dúo Espido e de Nordestin@s. A súa carreira en solitario iniciouse co álbum Benzón, que se publicou en 2009. Este disco foi moi aclamado pola crítica galega e a española, recibindo o Premio Opinión ao mellor disco folk do ano e a candidatura á mellor canción en galego nos Premios da Música polo tema "Madama", no que colaboraban Pedro Pascual e Rosa Bugallo.

Faia Díaz.

É unha das integrantes do grupo De Vacas que ven de presentar o seu primeiro traballo en solitario no ano 2019 "Ao cabo leirín", no que une canto tradicional e espazos sonoros e atemporais coa tradición musical galega con voz de muller. Experimentación, tradición e modernidade.

Ricardo de Barreiro.

Actor, pintor, poeta e creador galego. Estudou na Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo de Santiago de Compostela, formouse no Teatro do Curro en Noia e en obradoiros de José Campanari.

Como actor traballou en películas como Lobos sucios, O descoñecido, Celda 211, 18 comidas, Encallados, Os xirasois cegos, Vilamor, Somos xente honrada, Pradolongo ou After, e en series como Matalobos, Luci, Amar es para siempre, Doctor Mateo, Fariña e O sabor das margaridas.

En 2013 publicou o "Poemario sobre o desamor e outras mariconadas", que inclúe varios cadros seus e que presentou como proposta escénica canda ao guitarrista Guillerme Fernández.

Na cidade iluminouse a fachada do Teatro Principal de Santiago coas cores da bandeira LGTBI do 25 ao 28 de xuño.

Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora:	
En xuño do 2016, o Pleno Municipal da Corporación aprobou unha Declaración Institucional na cal se comprometía a colaborar coas asociacións e colectivos LGTBI para impulsar o desenvolvemento de accións planificadas e coordinadas para garantir que "Todas as persoas, independentemente da súa forma de vivir o amor e a propia sexualidade, reciban igualdade de trato e nunca máis sufran ningún tipo de discriminación e violencia pola súa condición, orientación sexual ou identidade de xénero". Desde entón, desde a Concellaría de Políticas de Igualdade estase en coordinación cos colectivos LGTBI da cidade para poder levar a cabo actuacións especificas para promover a igualdade de trato.	
do público asistente:	
Alto nivel de participación e satisfacción por parte do Colectivo LGTBI e cidadanía en xeral.	
Custo global da actividade:	**18.089 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CAMPAÑA: DÍA EUROPEO CONTRA A TRATA. "SEN CÓMPLICES NON HAI TRATA".**
Lugar e datas de realización	WEBINARIO. 18 DE OUTUBRO.
Núm. de horas	10 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

Campaña de sensibilización social contra a explotación sexual de persoas con motivo da celebración do Día Europeo contra a Trata de Seres Humanos que se celebra o 18 de outubro.

O lema desta edición: "Sen cómplices, non hai trata" busca facer evidente a vocación escravista da trata, ao tempo que procura abrirlles os ollos ás persoas que aínda ven a prostitución como un oficio.

A acción promovida pola Concellería de Políticas de Igualdade tivo como un dos seus principais obxectivos chegar á mocidade, entre a que se está estendendo a idea de que frecuentar os prostíbulos é tamén unha modalidade de lecer.

A campaña contou con elementos gráficos nos que se pon de manifesto a vinculación evidente entre a trata de persoas e os secuestros, violacións ou asasinatos perpetrados polas mafias contra mulleres, nenos e nenas. Por iso, nos carteis convidouse a escanear un código QR, que permitía ver que se agocha tras as imaxes.

Un webinario con expertas con inscrición previa e a través da plataforma Cisco Webex.

Dentro deste programa, ocupou un lugar destacado o webinario "Explotación, violencia e pobreza. A trata, un virus sen vacina", que tivo lugar o mércores 21 de outubro, ás 11.00 h, e no que participaron: Mabel Lozano; escritora, presentadora e actual directora de documentais; Susana García Baquero, fiscal xefa do Xulgado de Vigo e Lourdes Pazo, coordinadora técnica da Asociación Vagalume de Santiago.

Valoración da actividade desenvolvida	
da entidade organizadora:	
A campaña contra a trata de seres humanos, promovida pola Concellaría de políticas de Igualdade na súa segunda edición tivo como obxectivo principal potenciar a concienciación contra este fenómeno, representando a tristeza de quen son vítimas da trata de persoas e a insensibilidade de quen compra e vende a outros seres humanos. Cumpriuse a finalidade da campaña de mobilizar, apoiar e servir de inspiración ás persoas para que loiten contra la trata de seres humanos.	
do público asistente:	
Moi boa acollida por parte da cidadanía, medios de comunicación e redes sociais.	
Custo global da actividade:	**6.568 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS A FAVOR DA IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES E DAS PERSOAS DO COLECTIVO LÉSBICO, GAY, TRANSEXUAL, BISEXUAL, QUEER E INTERSEXUAL (LGTBQI) DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS PARA O ANO 2020.**
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL (BOP NÚM. 81, DO 05/06/2020). ACCEDE MARXINAL 100011/2020 - BDNS 508550.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO.
Descrición do contido da actividade	

Convocatoria anual de concurso para a concesión de subvencións para a realización de programas e actividades a desenvolver polas asociacións.

O obxectivo é favorecer o desenvolvemento integral destes colectivos, promover a súa participación activa en tódolos ámbitos e contribución a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero.

Xúntanse bases da convocatoria e resolución publicados no BOP.

Valoración da actividade desenvolvida da entidade organizadora:

Entidades Beneficiarias, Título do proxecto e Importe da subvención concedida:

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Subvención CONCEDIDA
1	ASOCIACIÓN PLATAFORMA FEMINISTA GALEGA	1."Obradoiro de empoderamento tecnolóxico". 2. 8 Marzo 2020: Folga Feminista 3. Curso on line de linguaxe inclusiva. 4. Concentracións contra os feminicidios	2.729,51 €
2	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	"Mulleres xordas en acción"	900,00 €
3	ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	"Proxecto Re-Créate 2.0"	2.307,54 €
4	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS (FADEMUR)	"Empoderamento e Autoestima"	3.000,00 €
5	HOCKEY CLUB RAXOI	III Xornadas de Tecnificación e Empoderamento en Hockey sobre Patíns Feminino	2.895,00 €
6	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL (AGRA)	"A Violencia de Xénero: Visión rural"	3.000,00 €
7	ASOCIACIÓN DE VIÚVAS ROSALÍA DE CASTRO	"Curso de Ximnasia e Mantemento físico de persoas maiores (Catro Quendas)"	2.500,00 €
8	FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA	Proxecto Muller TEA: Curso de formación en habilidades sociais"	2.375,55 €
9	SINDICATO LABREGO GALEGO	"Os dereitos das mulleres na próxima PAC"	3.000,00 €
10	ASOCIACIÓN CENTINELAS	"Xuntas cara a Igualdade"	2.690,00 €
			25.397,60 €

do público asistente:	
Valoración positiva por parte das entidades beneficiarias. Este ano beneficiáronse desta subvención un total de dez asociacións/entidades.	
Custo global da actividade:	**25.397,60 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	CAMPAÑA "AGRESIÓN OFF: EU DIGO NON Á VIOLENCIA SEXUAL".
Lugar e datas de realización	25 DE NOVEMBRO. PASEO CENTRAL DA ALAMEDA.
Núm. de horas	6 HORAS.
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.
Descrición do contido da actividade	

O stand da campaña "Agresión Off: Eu digo non á violencia sexual", estivo en Santiago o 25 de novembro de 2020, xa que rota polos distintos concellos galegos que forman parte da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero e que solicitaron participar nesta iniciativa da Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

Na caseta ofrecéuselle á cidadanía participar en diferentes obradoiros de sensibilización e actividades lúdicas, sempre cumprindo coa normativa de prevención contra a covid-19. Todos os talleres foron inclusivos e estiveron dirixidos a todas as idades. No caso do público infantil, houbo un espazo especial destinado a dinámicas adaptadas á súa idade.

Os talleres estiveron divididos en áreas de traballo con contidos concretos co obxectivo de sensibilizar á poboación contra a violencia sexual. Entre as temáticas que se abordaron destacan o desmantelamento de estereotipos de xénero co obxectivo de combater o sexismo desde a infancia; mitos sobre o amor; alerta de micromachismos; a parella e a igualdade; autoestima e valoración persoal; violencia e novas tecnoloxías; educación en igualdade; e a importancia de estar informados.

A rede de entidades locais contra a violencia de xénero creouse en 2012 a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Valoración da actividade desenvolvida	
Da entidade organizadora:	
Cumpriuse o obxectivo de lembrar á cidadanía que a igualdade e o respecto deben estar garantidos sempre e da necesidade de adoptar unha actitude activa fronte ás agresións sexistas, o respecto coas diversas identidades e expresións de xénero e a tolerancia cero ante comportamentos machistas.	
do público asistente:	
Valoración positiva por parte da cidadanía que se achegou ao stand para participar nos diferentes obradoiros de sensibilización e actividades lúdicas.	
Custo global da actividade:	**Actividade financiada integramente pola Secretaría Xeral de Igualdade.**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. CAMPAÑA 25N. COMPOSTELA EN NEGRO.**
Lugar e datas de realización	CIDADE VELLA, ZONA NOVA E RURAL PRAZA DO OBRADOIRO. DO 23 AO 25 DE NOVEMBRO DE 2020
Núm. de participantes	
PÚBLICO OBXECTIVO	CIDADANÍA EN XERAL.

Descrición do contido da actividade

A campaña "25 N. Compostela en Negro" xurde dunha necesidade detectada pola Concellaría de Políticas de Igualdade de visibilizar e denunciar as violencias machistas que padecen moitas mulleres na súa vida cotiá. Por todo elo, puxo en marcha un ano máis a campaña para sensibilizar e denunciar a problemática de ditas violencias.

Na campaña desenvolvéronse cinco accións:

1) **Reparto de máscaras:**

En colaboración co Colexio de Farmacéuticos da Coruña, levouse a cabo o reparto de 5000 máscaras por parte das farmacias de Santiago, do 23 ao 25 de novembro, con logotipos como "Compostela en negro Contra as Violencias", "Loito contra o machismo". Tamén se distribuíron outras mil entre colectivos de mulleres e colectivos LGTBI.

2) **En Negro dende a casa:**

"En Negro dende a casa" é o cancelo dun traballo de sensibilización no que colaborou o Colexio de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Traballo Social, e que se desenvolveu a través dunha microweb, con historias inspiradas en postais; nun momento onde a pandemia obriga a gardar as distancias sociais. Un traballo de concienciación en redes, que incidiu na idea "Contra a cultura da violencia, a cultura do coidado".

3) A gravación dunha video-performance:

Gravación na que participou a artista Mónica Mura, para rodear, de forma simbólica, a cidade cunha cinta negra; xa que é "unha campaña de loito contra as violencias machistas". A cinta, de medio metro de ancho por 30 de longo, foi rodeando, simbolicamente as casas da cidade vella, a zona nova e os barrios.

4) Vídeo 25N. COMPOSTELA EN NEGRO:

Vídeo que se difundiu nos centros socioculturais do rural, e a través das redes sociais, no marco da campaña "Compostela en negro", con motivo do 25 de novembro. Xunto á peza audiovisual, protagonizada por homes, difundíronse en redes distintas frases e reflexións como "Vou cambiar", "Eu tamén fago autocrítica" ou "Non axudo. Fágoo".

A presentación da peza audiovisual tivo lugar o mércores 25 ás 16.30 h. na Sala Magán do Centro Sociocultural de Santa Marta con aforo reducido e conforme á normativa anticovid.

Un dos obxectivos dos vídeos foi mostrar a realidade actual en materia de igualdade e de coidados, polo que, por primeira vez, as entrevistas se realizaron a homes, algo necesario para poder mudar a situación e desencadear unha reflexión mais profunda. Xa que ademais do empoderamento feminino precisase que toda a sociedade se implique e reflexione máis profundamente para erradicar a violencia de xénero.

No vídeo participaron José Manuel Pichel Patiño, Concelleiro de Medio Rural; Gustavo Couto Rodríguez, Profesor de música e baile tradicional; Antonio Ramón Fernández González, membro da directiva de FERUSA e Presidente da Asociación de Veciños Camiño de Santiago; Evaristo Ben Otero, Concelleiro do PP; José Puente Iglesias, marido dunha participante nos obradoiros de empoderamento; Xosé Quintáns Couselo, Profesor de cociña e Rafael Peña Vidal, activista sindical e ex concelleiro de Medio Rural e Óscar Montero Colón, presidente da Asociación de Veciños Santa Mariña de Berdía.

5) Acto do 25 N. Praza do Obradoiro.

A praza do Obradoiro acolleu na mañá do 25 N. o acto principal do Concello de Santiago con motivo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. A Corporación presidiu esta cerimonia e deu lectura ao manifesto institucional.

Valoración da actividade desenvolvida
da entidade organizadora:
Cumpríronse os obxectivos programados para esta campaña. Ditos obxectivos foron os seguintes: ▪ Aumentar a concienciación social sobre a problemática da violencia de xénero. ▪ Implicar á cidadanía e aos axentes socias, culturais e económicos do municipio nunha resposta colectiva de repulsa da violencia de xénero. ▪ Identificar, transmitir e poñer o foco en determinados comportamentos e expresións verbais vencelladas á violencia de xénero. Dende este enfoque faise unha valoración positiva dende a entidade organizadora.
do público asistente:
Alto grao de valoración por parte da cidadanía en xeral.
Custo global da actividade: **50.056 €**

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A CREDENCIAL COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO E NA ACTUALIDADE POLO DECRETO 130/2016, DO 15 DE SETEMBRO.

O CONCELLO DE SANTIAGO, SEN EMBARGO XA VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO PERSOAL, LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.
- PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ÉSTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.
- POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS: CONSISTEN NA ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA ASESORA XURÍDICA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE REALIZA UNHA ATENCIÓN XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL.

ACTUACIÓNS COMUNITARIAS: PRETENDEN PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, E PREMIOS; CO FIN DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- PROGRAMA VAGALUME: “ACOMPAÑAMENTO DAS MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN”.

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRICIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO BASEASE NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓBIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO É GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

AS CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS PERMITEN:

- A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA.
- A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VÍA GSM).

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS A DÍA 15 DE XANEIRO DE 2021 ASCENDE A 7.

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: "ACOMPAÑAMENTO DAS MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN".

NO ANO 2008 ASINOUSE O PRIMEIRO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CARÁCTER ANUAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

- DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA:

O PROGRAMA VAGALUME – CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, PRETENDE, CO PROXECTO "ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN", ACOMPAÑAR ÁS PARTICIPANTES NOS SEUS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL QUE TEÑEN COMO OBXECTIVO LOGRAR O SEU EMPODERAMENTO PERSOAL, SOCIAL, FAMILIAR E LABORAL.

O PROXECTO PROGRAMA OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

AS BENEFICIARIAS DO PROXECTO SON MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

- OBXECTIVOS:

- DENDE O ÁMBITO PERSOAL: FACILITAR UNHA VIVENDA TEMPORAL E APOIO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL OU MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE, A TRAVÉS DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR", QUE SE INTEGRA, DESTE XEITO DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

- DENDE O ÁMBITO FAMILIAR: FACILITAR UNHA RELACIÓN DIRECTA ENTRE O CENTRO DA MULLER E O CENTRO DE NENOS E NENAS, E CREAR UN ESPAZO ONDE OS RAPACES E RAPAZAS RECIBAN APOIO E ORIENTACIÓN EN TODO O REFERENTE ÁS PAUTAS FAMILIARES.

- DENDE O ÁMBITO FORMATIVO: TRATARASE DE QUE AS MULLERES ADQUIRAN COÑECEMENTOS CULTURAIS SUFICIENTES PARA DESENVOLVERSE NA SOCIEDADE DE MANEIRA AUTÓNOMA, TAMÉN PROMOVENDO O COÑECEMENTO DE VALORES, DE OUTRAS REALIDADES CULTURAIS, E DE OUTRAS PERSOAS, PALIANDO ASÍ A SITUACIÓN DE ILLAMENTO.

- DENDE O ÁMBITO XURÍDICO: TRATARASE DE ORIENTALAS EN CADA DEMANDA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN, PROMOVENDO A INFORMACIÓN DOS SEUS DEREITOS E OBRIGAS ASÍ COMO O ACCESO AOS DIFERENTES RECURSOS DA COMUNIDADE.

- DENDE O ÁMBITO LABORAL: TRATARASE DE POÑER EN CONTACTO A CADA MULLER CUNHA OFERTA DE TRABALLO, TRATANDO DE PROMOVER A SÚA AUTONOMÍA E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

- ❑ DENDE O ÁMBITO ECONÓMICO: O OBXECTIVO É REDUCIR O IMPACTO DAS CARENCIAS AS QUE AS MULLERES SE VEN SOMETIDAS.

➢ PARA O CUMPRIMENTO DESTES OBXECTIVOS, REALÍZANSE AS SEGUINTES ACTIVIDADES:

- ❑ ACOLLIDA TEMPORAL EN VIVENDA DE EMERXENCIA: PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓNS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE.
- ❑ DE CARÁCTER PERSOAL: ENTREVISTAS DE ACOLLIDA, DE INFORMACIÓN E PACTO E DE PRESENTACIÓN DO CENTRO.
- ❑ DE CARÁCTER PSICOLÓXICO EMOCIONAL: ATENCIÓN PSICOLÓXICA INDIVIDUAL E TALLERES GRUPAIS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL.
- ❑ DE INTERVENCIÓN FAMILIAR: INTERVENCIÓN FAMILIAR INDIVIDUAL E ESCOLA DE NAIS.
- ❑ DE CARÁCTER FORMATIVO: ALFABETIZACIÓN, FORMACIÓN E CULTURA XERAL, INFORMÁTICA, VISITAS CULTURAIS, FORMACIÓN EN IGUALDADE, EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN EN VALORES, TALLERES PRELABORAIS E MÓDULOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL.
- ❑ DE CARÁCTER SOCIAL/ XURÍDICO: ATENCIÓN PRIMARIA E DERIVACIÓN, NO SEU CASO; ORIENTACIÓN SOCIAL E INFORMACIÓN DE RECURSOS E ORIENTACIÓN XURÍDICA.
- ❑ DE MEDIACIÓN LABORAL: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.
- ❑ DE SENSIBILIZACIÓN: CHARLAS, REUNIÓNS, MESAS REDONDAS, DANDO A COÑECER A PROBLEMÁTICA DAS MULLERES PARTICIPANTES.

IMPORTE ECONÓMICO DO CONVENIO NO ANO 2020: 30.000,00 €.

4. SUXESTIÓNS.

DENDE O CIM OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE TODA A FORMACIÓN QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO. É IMPORTANTE NON CONCENTRAR TODA A FORMACIÓN NO DERRADEIRO TRIMESTRE DO ANO.

TEMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E REUNIÓNS INTERDISCIPLINAIS ENTRE TODOS/AS OS/AS PROFESIONAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CIMS.

5. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO.
- CHUS (COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC).
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHARELATO DE SANTIAGO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTÍS E PRIMARIA DE SANTIAGO.
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA. GRUPO VIOXEN
- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL. GRUPO VIOXEN.

- POLICÍA NACIONAL: UFAM.- UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER) E SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOGALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA.
- ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS/AS DE SANTIAGO.
- COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA.
- COLEXIO DE EDUCADORAS/ES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE ESTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.
- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA.. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (PEF. XUNTA DE GALICIA).
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE (CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA).
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6. RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE A CONCELLARÍA POLÍTICAS DE IGUALDADE (CIM), FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, REDES SOCIAIS DO PROXECTO "COMPOSTELA TERRITORIO DAS MULLERES", MUPIS, PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA, CARTAS E EMAILS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: "LA VOZ DE GALICIA" E "EL CORREO GALLEGO".

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: "LA CADENA SER", "LA CADENA COPE", "ONDA CERO" E "A RADIO GALEGA".

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: "A TVG", "CORREO TELEVISIÓN" E " NOS TELEVISIÓN".

7. FORMACIÓN.

DIRECTORA.

- XESTIÓN POR COMPETENCIAS E AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO. DO 14 DE SETEMBRO AO 14 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- EXCEL CORE 2016. DO 19 DE XUÑO AO 20 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 40. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- EXPEDIENTE ELECTRÓNICO. A XESTIÓN ELECTRÓNICA NA ADMINISTRACIÓN SEGUNDO A LEI 39/2015. DO 14 DE SETEMBRO AO 14 DE OUTUBRO. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- AUTOCOIDADO PARA PREVIR E ATALLAR O SÍNDROME DE BURNOUT. DO 5 AO 19 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 15. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- TELETRABALLO E EFICIENCIA: CONTRA OS MITOS DO EMPREGO REMOTO. DO 20 AO 23 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INGRESO MÍNIMO VITAL E AS REPERCUSIÓNS NAS MULLERES PERCEPTORAS DOUTRAS AXUDAS. DO 26 OUTUBRO AO 4 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- MIGRACIÓNS E RETO DEMOGRÁFICO. SINERXÍAS ENTRE POLÍTICAS PÚBLICAS. DO 5 AO 16 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A ATENCIÓN TELEFÓNICA COMO AXUDA PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PERSOAS USUARIAS DOS CIM. DO 17 NOVEMBRO AO 1 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 9. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A COMUNICACIÓN NA ACTUALIDADE A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS. DO 2 AO 9 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 3. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. DO 16 DE NOVEMBRO AO 15 DE DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ASESORA XURÍDICA.

- PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO LOCAL NA LEI 39/2015. DO 01 AO 30 DE XUÑO 2020 . Nº DE HORAS: 40. FEGAMP.

- EXPEDIENTE ELECTRÓNICO. DO 14 DE SETEMBRO AO 14 DE OUTUBRO. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- POLÍTICAS DE XÉNERO E IGUALDADE A NIVEL LOCAL. ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE A NIVEL MUNICIPAL. DO 15 DE SETEMBRO AO 15 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 50. FEGAMP.

- ACTUALIZACIÓN NORMATIVA: RGPD EUROPEO E LEI 3/2018. DO 15 DE OUTUBRO AO 15 DE NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 25. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DAS AAPP. DO 14 DE SETEMBRO AO 21 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 30. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- AUTOCOIDADO PARA PREVIR E ATALLAR O SÍNDROME DE BURNOUT. DO 5 AO 19 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 15. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- TELETRABALLO E EFICIENCIA: CONTRA OS MITOS DO EMPREGO REMOTO. DO 20 AO 23 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INGRESO MÍNIMO VITAL E AS REPERCUSIÓNS NAS MULLERES PERCEPTORAS DOUTRAS AXUDAS. DO 26 OUTUBRO AO 4 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- MIGRACIÓNS E RETO DEMOGRÁFICO. SINERXÍAS ENTRE POLÍTICAS PÚBLICAS. DO 5 AO 16 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A ATENCIÓN TELEFÓNICA COMO AXUDA PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PERSOAS USUARIAS DOS CIM. DO 17 NOVEMBRO AO 1 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 9. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A COMUNICACIÓN NA ACTUALIDADE A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS. DO 2 AO 9 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 3. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

PSICÓLOGA.

- POLÍTICAS DE XÉNERO E IGUALDADE A NIVEL LOCAL. ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE A NIVEL MUNICIPAL. DO 15 DE SETEMBRO AO 15 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 50. FEGAMP.

- AUTOCOIDADO PARA PREVIR E ATALLAR O SÍNDROME DE BURNOUT. DO 5 AO 19 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 15. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- TELETRABALLO E EFICIENCIA: CONTRA OS MITOS DO EMPREGO REMOTO. DO 20 AO 23 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INGRESO MÍNIMO VITAL E AS REPERCUSIÓNS NAS MULLERES PERCEPTORAS DOUTRAS AXUDAS. DO 26 OUTUBRO AO 4 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- MIGRACIÓNS E RETO DEMOGRÁFICO. SINERXÍAS ENTRE POLÍTICAS PÚBLICAS. DO 5 AO 16 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A ATENCIÓN TELEFÓNICA COMO AXUDA PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PERSOAS USUARIAS DOS CIM. DO 17 NOVEMBRO AO 1 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 9. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A COMUNICACIÓN NA ACTUALIDADE A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS. DO 2 AO 9 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 3. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INTRODUCIÓN Á NOVA E-ADMINISTRACIÓN. DO 16 DE NOVEMBRO AO 15 DE DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. DO 16 DE NOVEMBRO AO 15 DE DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

TRABALLADORA SOCIAL.

- POLÍTICAS DE XÉNERO E IGUALDADE A NIVEL LOCAL. ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE A NIVEL MUNICIPAL. DO 15 DE SETEMBRO AO 15 DE OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 50. FEGAMP.

- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS NA XESTIÓN DA ATENCIÓN SOCIAL E XESTIÓN DE PRESTACIÓNS SOCIAIS. DO 21 AO 30 DE SETEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 10. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

- AUTOCOIDADO PARA PREVIR E ATALLAR O SÍNDROME DE BURNOUT. DO 5 AO 19 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 15. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- TELETRABALLO E EFICIENCIA: CONTRA OS MITOS DO EMPREGO REMOTO. DO 20 AO 23 OUTUBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INGRESO MÍNIMO VITAL E AS REPERCUSIÓNS NAS MULLERES PERCEPTORAS DOUTRAS AXUDAS. DO 26 OUTUBRO AO 4 NOVEMBRO DE

2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- MIGRACIÓNS E RETO DEMOGRÁFICO. SINERXÍAS ENTRE POLÍTICAS PÚBLICAS. DO 5 AO 16 NOVEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 6. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A ATENCIÓN TELEFÓNICA COMO AXUDA PARA MELLORAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PERSOAS USUARIAS DOS CIM. DO 17 NOVEMBRO AO 1 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 9. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- A COMUNICACIÓN NA ACTUALIDADE A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS. DO 2 AO 9 DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 3. SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

- INTRODUCIÓN Á NOVA E-ADMINISTRACIÓN. DO 16 DE NOVEMBRO AO 15 DE DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. DO 16 DE NOVEMBRO AO 15 DE DECEMBRO DE 2020. Nº DE HORAS: 20. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ACHÉGASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE.